



## IES URBANO LUGRÍS –CURSO 2020-21

# Programa de acollida

Atendendo ás instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborou este Programa de acollida que foi presentado ao Consello Escolar do centro o 21 de setembro de 2020.

No relativo a medidas de prevención básicas e medidas de carácter organizativo seguirase o estipulado nas instrucións polas que se incorporan actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional da Salud Pública (DOG nº174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación contexto Covid\_19 nos centros de ensino non universotario de Galicia para o curso 2020-2021.

## Índice

<b>1.</b>	<b>Calendario de presentacións de inicio de curso .....</b>	<b>2</b>
<b>2.</b>	<b>Novas normas de organización e funcionamento do centro .....</b>	<b>3</b>
2.1	Entradas e saídas.....	3
2.2	Normas de aula/taller.....	4
2.3	Taquillas do alumnado.....	5
2.4	Aseos .....	5
2.5	Recreos .....	6
2.6	Biblioteca, laboratorios, polideportivo, aulas específicas.....	6
2.7	Uso da cafetería .....	7
2.8	Corredores, escaleiras e bancos .....	8
2.9	Fotocopias .....	8
2.10	Transporte escolar.....	8
2.11	Gardas de profesorado .....	8
<b>3.</b>	<b>Actuacións de prevención, hixiene e protección .....</b>	<b>9</b>



4. **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial..... 10**
5. **Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión ..... 10**

## 1. Calendario de presentacións de inicio de curso

ENSINANZAS	CURSO	DÍA	HORA	AULA/TALLER
ESO	1º A	23 setembro	09.30h – 11:30h	Aula 005
	1º B	23 setembro	09.30h – 11:30h	Aula 003
	1º C	23 setembro	09.30h – 11:30h	Aula 002
	2º A	23 setembro	09.30h – 11:30h	Aula 001
	2º B	23 setembro	09.30h – 11:30h	Aula 107
	3º A	24 setembro	10.00h – 11:30h	Aula 101
	3º B	24 setembro	10.00h – 11:30h	Aula 102
	4º A	25 setembro	10.00h – 11:30h	Aula 103
4º B	25 setembro	10.00h – 11:30h	Aula 104	
BACHARELATO	1º A	23 setembro	12:00h–13:30h	Aula 112
	2º A	24 setembro	12:00h – 13:30h	Aula 202
FP BÁSICA	1º INF. OFICINA	25 setembro	10:00h–11:30h	Aula 105
	2º INF. OFICINA	25 setembro	12:00h – 13:30h	Aula 210
	1º ELECTRICIDADE/ELEC	25 setembro	10:00h – 11:30h	Taller 18
	2º ELECTRICIDADE/ELEC	25 setembro	12:00h – 13:30h	Taller 3
CICLOS MEDIOS	1º INST. TELECOMUNIC.	23 setembro	12:00h – 13:30h	Taller 1
	2º INST. TELECOMUNIC.	24 setembro	12:00h – 13:30h	Taller 6
	1º MANT. ELECTROMECC.	23 setembro	12:00h – 13:30h	Taller 15
	2º MANT. ELECTROMECC.	24 setembro	12:00h – 13:30h	Taller 15
CICLOS SUPERIORES	1º AUTOMAT. ROBOT. IN.	23 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 8
	2º AUTOMAT. ROBOT. IN.	24 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 7
	1º MANT. ELECTRONICO	23 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 11
	2º MANT. ELECTRONICO	24 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 12
	1º SIST. TELECOMUNIC. A	23 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 14
	1º SIST. TELECOMUNIC. B	23 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 13



	2º SIST. TELECOMUNIC. A	24 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 206
	2º SIST. TELECOMUNIC. B	24 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 207
	1º SIST. ELECTROT. AUT	23 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 2
	2º SIST. ELECTROT. AUT	24 setembro	12:30h – 13:30h	Taller 10
<b>CICLOS ADULTOS</b>	INST. TELECOMUNIC.	24 setembro	18:30h – 19:30h	Grupo A - Taller 1 Grupo B - Taller 6
	MANT. ELECTROMECC.	24 setembro	18:30h – 19:30h	Taller 11

- Para o alumnado de ESO e FPB, o **transporte escolar** sairá da parada 15 minutos antes da hora da presentación, e sairá do centro ao rematar as presentacións.
- Non se permite o acceso ao recinto escolar de familias ou acompañantes.
- Rógase **puntualidade** na chegada.
- O uso da **máscara é obrigatoria** en todo momento.
- Na chegada deberán botar **xel hidroalcolico** nas mans, así como na saída. Respetarán a distancia de seguridade durante os percorridos polo centro e circularán pola dereita dos corredores, como xa está indicado.
- Ao chegar cada curso dirixirse ao seu aula/taller onde estará agardando o titor ou titora.
- O alumnado de ESO beneficiario de préstamo de libros de texto recibirá o material, polo que é aconsellable que asista cunha mochila. Levarán a folla de compromiso de préstamos dos libros (ESO) que deberán devolver asinada á titora ou titor.
- O alumnado levará una copia do **horario**.
- Entregarase ao alumnado a folla de compromiso propio ou das familias da autoavaliación clínica que deberán facerse a diario antes da saída da casa, e que deberán devolver asinada á titora ou titor o primeiro día de clase.
- As clases en ESO, Bacharelato e FPBásica serán todas de carácter presencial, e en aulas onde a distancia de 1.5 metros entre o alumnado está garantida.
- Nos ciclos de Formación Profesional combinarase a presencialidade e o ensino semipresencial rotatorio nos módulos onde non é posible garantir a distancia de seguridade de 1.5m. O alumnado será informado das quendas da semipresencialidade o día da presentación.
- O comezo da actividade lectiva para todos os cursos é o luns 28 de setembro.

## 2. Novas normas de organización e funcionamento do centro

### 2.1 Entradas e saídas

ENSINANZA		HORA	PORTA
ESO	ENTRADA alumnado transportado	8:40	PRINCIPAL
	ENTRADA alumnado non transportado	8:45	PRINCIPAL
	SAÍDA alumnado transportado	14:15	TALLERES
	SAÍDA alumnado non transportado	14:15	PRINCIPAL
	<b>TARDE DO MARTES</b>		
	ENTRADA alumnado transportado	16:25	PRINCIPAL
	ENTRADA alumnado non transportado	16:30	PRINCIPAL
	SAÍDA alumnado transportado	18:10	TALLERES
	SAÍDA alumnado non transportado	18:10	PRINCIPAL
	<b>RECREOS</b>		
		11:15	1º ESO 2º ESO: TALLERES
		11:45	3º ESO 4º ESO: PRINCIPAL



<b>BACHARELATO</b>	ENTRADA SAÍDA	8:50 14:10 / 15:05 (m/x)	PRINCIPAL
	<b>RECREOS</b>	11:15 11:40	PRINCIPAL
<b>FP BÁSICA INFORMÁTICA</b>	ENTRADA alumnado transportado	8:40	PRINCIPAL
	ENTRADA alumnado non transportado	8:45	PRINCIPAL
	SAÍDA alumnado transportado	14:10	TALLERES
	SAÍDA alumnado non transportado	14:10	PRINCIPAL
	<b>TARDE DO MARTES</b>		
	ENTRADA alumnado transportado	16:25	PRINCIPAL
ENTRADA alumnado non transportado	16:30	PRINCIPAL	
SAÍDA alumnado transportado	18:10	TALLERES	
SAÍDA alumnado non transportado	18:10	PRINCIPAL	
<b>RECREOS</b>	11:15 11:40	PRINCIPAL	
<b>FP BÁSICA ELECTRICIDADE</b>	ENTRADA alumnado transportado	8:40	PRINCIPAL
	ENTRADA alumnado non transportado	8:45	TALLERES
	SAÍDA alumnado transportado	14:10	TALLERES
	SAÍDA alumnado non transportado	14:10	TALLERES
	<b>TARDE DO MARTES</b>		
	ENTRADA alumnado transportado	16:25	PRINCIPAL
ENTRADA alumnado non transportado	16:30	TALLERES	
SAÍDA alumnado transportado	18:05	TALLERES	
SAÍDA alumnado non transportado	18:05	TALLERES	
<b>RECREOS</b>	11:15 11:45	TALLERES	
<b>CICLOS MEDIOS/ SUPERIORES</b>	ENTRADA SAÍDA	8:45 14:05	TALLERES
	<b>TARDES</b> ENTRADAS SAÍDAS	16:30 19:00	TALLERES TALLERES/PRINCIPAL
	<b>RECREOS</b>	11:15 11:40	TALLERES/PRINCIPAL
<b>CICLOS MODULARES</b>	ENTRADA SAÍDA	18:10 22:30	PRINCIPAL

## 2.2 Normas de aula/taller

- Respetarase rigorosamente o uso do timbre nos cambios de clase para evitar que o alumnado permaneza agardando fóra das aulas e talleres, agás na 6ª hora que haberá saídas escalonadas.
- Os descansos que se fagan nos módulos dos ciclos formativos non poden coincidir cos intercambios de clase no resto dos grupos.
- O profesorado de 1º hora da mañá ou da tarde, e da primeira hora despois do recreo estará na aula, sempre que sexa posible e permitanllo outras funcións no centro, al menos 5 minutos antes de empezar a clase.
- O profesorado da última hora encargarase de que o alumnado saia ordenadamente e cumprindo as medidas de hixiene.
- Obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas da aula/taller.
- As aulas de cada grupo permanecerán abertas nos recreos e antes do comezo das clases. Os talleres permanecerán pechados no recreo. Respetaranse as normas de uso perfiladas nas NOF do centro.
- A entrada e saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.



- O alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase, no caso de non ter que cambiar de aula/taller.
- Cando o alumnado da ESO ten que cambiar de aula (para asistir a unha aula específica), agardará, na aula de referencia do grupo, ao docente da aula específica que chegará para acompañar ao alumnado durante o cambio. Aulas específicas: Música, Plástica, Tecnoloxía, Polideportivo.
- Se houbera outro grupo na nova aula/taller; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar, e na espera gardarase a distancia de seguridade.
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo.
- No momento de entrada á aula/taller ou no caso de cambio de aula/taller dedicáranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).
- O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo.
- Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo.
- Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estuches ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
- É recomendable que o alumnado dispoña dun botellín de auga durante as clases.
- Na aula/taller de cada grupo respectarase o sitio fixo para cada alumno/a, así como nas aulas específicas.
- Non se permite deixar roupa ou outros enseres persoais do alumnado na aula dun día para outro.
- Non se permite mover o mobiliario das aulas.
- Suprímense os partes diarios de faltas en papel. As faltas de asistencia rexistraranse unicamente en XADE e de forma diaria.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

## 2.3 Taquillas do alumnado

- Todo o alumnado de ESO / FPB Informática contará con taquilla. Cada grupo unha mesma letra.
- Cando un compañeiro/a está facendo uso da taquilla hai que agardar a que remate coa distancia de seguridade. Pódese empregar outra taquilla da mesma letra cando haxa unha libre no medio que non está sendo empregada.
- Non se permite o uso das taquillas nos descansos de clase. So se permite acceder ás mesmas a primeira hora da mañá, nos recreos e ao rematar a xornada.

## 2.4 Aseos

- Nos intercambios entre clases non se poderá ir aos aseos. O alumnado pedirá permiso ao docente para ir cando o necesite e sempre será de un en un.
- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo
- Nos aseos o aforo está limitado:
  - Aseo planta baixa (edificio de aulas) : Uso limitado a 2 persoas
  - Aseo planta primeira (edificio de aulas) : Uso limitado a 3 persoas
  - Aseo planta segunda (edificio de aulas) : Uso limitado a 2 persoas
  - Aseos corredor de talleres: Uso limitado a 6 persoas.
  - Aseo masculino do pavillón polideportivo: Uso limitado a 7 persoas.
  - Aseo feminino do pavillón polideportivo: Uso limitado a 8 persoas
  - Aseos profesores: Uso limitado a 2 persoas
  - Aseos profesoras: Uso limitado a 2 persoas



## 2.5 Recreos

- Os recreos serán no exterior do edificio sempre que o tempo meteorolóxico o permita.
- O alumnado ten que usar as zonas restrinxidas para o seu curso.
- O alumnado menor de idade non pode abandonar o recinto escolar.
- Poderase pasear por beirarrúas e nunca polo aparcadoiro en zona preferente de uso para vehículos.
- Os días de choiva o alumnado poderá permanecer na súa aula. Nunca nunha aula doutro grupo.

CURSO	SAÍDA/ENTRADA	ZONA DE PATIO
1º ESO – 2º ESO FP Básica Electricidade e electrónica	Porta de talleres	Pistas polideportivas Zona de campo de pistas polideportivas
3º ESO – 4º ESO Bacharelato FP Básica Informática de Oficina	Porta principal	Zona de campo de entrada principal Avda. Arteixo
CICLOS	Porta de talleres/principal	

## 2.6 Biblioteca, laboratorios, polideportivo, aulas específicas

BIBLIOTECA
<ul style="list-style-type: none"> <li>NORMAS BÁSICAS DE USO DA BIBLIOTECA           <ul style="list-style-type: none"> <li>Botar <b>xel hidroalcólico</b> nas mans ao entrar e ao saír.</li> <li>Manter a <b>distancia</b> de seguridade (1,5 m) en todo momento.</li> <li><b>Manipular só</b> os recursos necesarios.</li> <li>Utilizar só os <b>postos habilitados</b> xa sinalados.</li> </ul> </li> <li>HORARIO LECTIVO           <ul style="list-style-type: none"> <li>Aforo máximo da biblioteca: <b>50 %</b> da capacidade total (<b>17 sitios + 1 docente</b>).</li> <li>Poderase dar clase na biblioteca sempre que non se supere o <b>aforo máximo</b>.</li> <li>A persoa docente responsable ocuparase de que o seu alumnado ocupe os <b>sitios marcados</b> e o mobiliario permaneza como estaba.</li> <li>Non se poderán utilizar os <b>xogos de mesa</b>.</li> <li>A <b>salíña do fondo (2 sitios)</b> poderase utilizar como sala de estudo.</li> </ul> </li> <li>RECREOS: PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓNS           <ul style="list-style-type: none"> <li>Quedan estritamente reservados para <b>préstamo e devolución</b> de libros.</li> <li>Só se poderá entrar <b>de un en un</b> a coller prestados ou devolver libros, sempre mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m.</li> <li><b>Préstamos:</b> cómpre solicitalos (máximo de 3 libros por persoa) a través do correo electrónico: <a href="mailto:bibliotecaurbanolugris@gmail.com">bibliotecaurbanolugris@gmail.com</a>, <b>indicando claramente o nome, apelidos e nº de carné; no caso do alumnado novo no centro, curso do/a alumno/a.</b></li> <li>Para solicitar un préstamo hai que aportar a <b>información necesaria</b>, para axilizar o máximo a xestión (autoría, título do libro...).</li> <li><b>Devolucións:</b> hai que depositalas na <b>caixa habilitada</b>.</li> <li>Proximamente poñerase a disposición da comunidade educativa unha <b>selección de libros en PDF</b> no blog da biblioteca.</li> </ul> </li> </ul>
CLUB DE LECTURA
<ul style="list-style-type: none"> <li>Este curso os Clubs de Lectura serán por cursos: faremos un Club de Lectura para 1º ESO, outro para 2º ESO, outro para 3º e outro para 4º alternando unha semana Inglés ou outra Castelán/Galego.</li> <li>O número de participantes estará limitado a 12, por orde de inscrición.</li> <li>Está previsto facer as reunións en dous recreos semanais para que teña dous reunións ao mes cada grupo, unha en Inglés e outra en Galego/Castelán.</li> </ul>
POLIDEPORTIVO



- O alumnado de ESO agardará ao docente na aula de referencia, agás na 1ª hora da mañá/tarde, que acompañará ao grupo ata a instalación.
- O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica e sempre que sexa indicado polo docente.
- Preferentemente a sesión levarase a cabo nas pistas exteriores e no recinto exterior do centro, agás que as condicións climatolóxicas o impidan.
- Minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos/as e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans.
- Nos vestiarios hai que respectar o aforo establecido: 7 persoas no masculino, e 8 no feminino.
- Antes de entrar na pista hai que realizar una correcta limpeza de mans.
- Non se gardará material no almacén que non fora desinfectado previamente.
- Ao rematar a sesión haberá que facer unha correcta limpeza de mans.
- A ventilación no pavillón polideportivo manterase continuamente, sendo o docente o encargado de manipular as chaves.

#### AULA DE MÚSICA

- Todo o alumnado, agás Bacharelato, deben agardar na súa aula de referencia a que chegue o profesor para o seu traslado á aula de música.
- Ao entrar na aula, farano en fila para asegurar que todos utilizan o xel hidroalcolico antes de sentarse, sempre coa máscara posta. Unha vez sentados, deben esperar a recibir instrucións sobre o tema a tratar en clase antes de manipular instrumentos.
- Cando haxa práctica con instrumentos comúns ( pianos, guitarras, percusión.....) procederase á limpeza e desinfección ao finalizar a clase, así como aqueles elementos de mobiliario usado. Para isto, a clase finalizará 10 minutos antes de que soe o timbre.
- A limpeza e desinfección, será a cargo do docente, coa axuda de todo o alumnado do grupo correspondente, (cada un limpará o instrumento que empregou).
- Non se poderán utilizar instrumentos de vento durante o presente curso. Deste xeito, non hai motivo para quitarse a máscara durante o transcurso da clase.
- Modificaranse algúns contidos para reducir o tempo dedicado á práctica, e traballar outros aspectos que supoñan un menor risco á hora de estar na aula.
- A distancia física entre alumnado e docente é de 1,5 metros aproximadamente.
- Ao finalizar a clase, deixarase un tempo de uns 10 minutos para a ventilación.

#### AULAS ESPECÍFICAS, LABORATORIOS

- Respectarase o protocolo establecido, e os límites de aforo para cada unha destas salas, que están expostos en cada aula específica.

## 2.7 Uso da cafetería

- Respectarase o protocolo establecido para o uso da cafetería.
- O protocolo estará publicado na cafetería para a consulta e seguimento de todos os usuarios.
- Para evitar aglomeracións no recreo, na entrada e saída da cafetería, regularase o seu uso en función dos cursos.
- So poderá acceder á cafetería o alumnado que vaia a mercar alimentos/bebida.

#### HORARIO PARA COMPRAR NA CAFETERÍA

CURSO	HORARIO
2º ESO	08:40h
1º ESO	09:35h
3º ESO - 4º ESO	10:25h
FP BÁSICA	11:15h
BACHARELATO	11:25h
CICLOS MEDIOS E SUPERIORES	No descanso do módulo da mañá





## 2.8 Corredores, escaleiras e bancos

- A circulación por dentro do centro, sempre se fará polo espazo habilitado pola nosa man dereita, deixando a outra metade libre.
- En todos os corredores respectarase a distancia de seguridade.
- As escaleiras do fondo dos corredores son exclusivamente de baixada.
- Está prohibido sentarse nas escaleiras, deberase deixar libre o paso.
- Nos bancos do centro, interiores e exteriores, o uso está limitado a dúas persoas, deixando no medio unha distancia de seguridade.

## 2.9 Fotocopias

- Solicitud de copias para a fotocopidora a través do correo electrónico [iesurbanolugris.conserxeria@gmail.com](mailto:iesurbanolugris.conserxeria@gmail.com)

## 2.10 Transporte escolar

- É recomendable a priorización do transporte activo (andando ou en bicicleta) en rutas seguras á escola como opción de mobilidade que mellor garante a distancia interpersoal, ao ser, ademais, unha opción máis saudable e que evita compartir espazos pechados.
- O alumnado usuario de transporte escolar terá sitio fixo no autocar. O uso da máscara é obrigatorio durante todo o traxecto. Compartírase asento, sempre que sexa posible, con algún compañeiro ou compañeira da mesma clase.

## 2.11 Gardas de profesorado

### GARDAS DE ENTRADAS E SAÍDAS

- Procurarase puntualidade para o desenvolvemento normal das gardas.
- As gardas de entradas e saídas serán coordinadas por un membro do equipo Covid.
- A garda de profesorado de 1º hora da mañá comeza ás 08:35h.
- O profesorado de garda de 1º hora da mañá encargarase do control de entrada do alumnado na porta asignada.
- A garda do profesorado de 6ª hora da mañá remata ás 14:20h
- O profesorado de garda de 6ª hora da mañá, sempre que non atenda na aula a un grupo con docente ausente, encargarase da saída do alumnado na porta asignada.
- A garda de profesorado de 8º hora (1º da tarde dos martes) comeza ás 16:20h.
- O profesorado de garda de 8º hora (1º da tarde dos martes) encargarase do control de entrada do alumnado na porta asignada.
- A garda do profesorado de 9ª hora (2º da tarde dos martes) remata ás 18:15h.
- O profesorado de garda de 9ª hora (2º da tarde dos martes), sempre que non atenda na aula a un grupo con docente ausente, encargarase da saída do alumnado na porta asignada.

### GARDAS DE CORREDOR

- No transcurso das gardas, e sempre que o profesorado non teña que custodiar a un grupo, haberá que percorrer os corredores de aulas e talleres controlando os accesos/aforos aos aseos e que nos posibles tránsitos do alumnado se cumpran as medidas de seguridade establecidas.
- O profesorado de garda de 3ª hora remata a garda ás 11:20h, para colaborar con docentes de garda de recreo na saída ordenada do alumnado.





- O profesorado de garda de 4ª hora comeza a garda ás 11:40h controlando os corredores e colaborando co profesorado de garda de recreo para que o acceso do alumnado ao edificio sexa controlado e mantendo as normas de seguridade.

#### GARDAS DE RECREO

- As gardas de recreo estarán coordinadas por un membro do equipo Covid.
- Cada docente de garda ten unha zona asignada na que deberá permanecer durante o transcurso do recreo: Zona exterior dianteira, xona exterior de pistas e xardín, zona interior de edificio.
- Ao rematar a garda controlarán que o acceso do alumnado ao edificio sexa controlado e cumprindo as normas de seguridade. O da zona dianteira controlará as portas principais do edificio, o da zona de pistas controlará a porta de entrada de talleres, e o do interior do edificio controlará a zona do hall do edificio.
- Os días de chuvia, nos que o alumnado non poida saír ao exterior, o profesorado de garda percorrerá os corredores controlando que se cumpra a normativa e as medidas de seguridade.

### 3. Actuacións de prevención, hixiene e protección

- As instruídas no Protocolo de adaptación á situación Covid\_19 publicado pola Consellería de Educación.
- Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2.
- Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínicoepidemiolóxica que se describe no Anexo I (publicado na páxina web) que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.
- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.
- O contacto co centro será a través do correo electrónico [ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal](mailto:ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal) ou nos teléfonos 881960715 / 604 023 801 (**este móbil tamén atende por whatsapp, pero estará habilitado exclusivamente para comunicar incidencias relacionadas co COVID\_19**)
- O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARSCoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse aos centros educativos, senón que deberase adoptar polo persoal dos centros educativos as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a ausencia. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no anexo I publicado nas instrucións) no persoal non docente e profesorado, non acudiran ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.
- Diariamente e de forma aleatoria, persoal de dirección ou de garda, farán tomas de temperatura por grupos de alumnado.
- De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.
- O uso de máscara é obrigatorio durante toda a xornada lectiva e en todos os espazos do centro. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de reposto.
- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. Obrigatoria esta hixiene á entrada e saída do centro.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.



## 4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial

- Precisamos mellorar a competencia dixital do alumnado e familiarizalos coas ferramentas dixitais do centro de uso habitual, tamén aos seus responsables no caso do alumnado de menor idade.
- Realizarase, nos primeiros días de curso, unha enquisa por parte do titor/a de cada grupo, para coñecer os dispositivos con que conta o alumnado e detectar as necesidades que poida ter de cara a un escenario de ensinanza non presencial e así poder darlles algunha alternativa que lles facilite o proceso e a integración, no caso de que se dea. Dispositivos: teléfono móbil, correo electrónico, así como o material co que conta na súa casa para o posible caso dun ensino non presencial (Portátil, ordenador de mesa, webcam, tablet, wifi...). Esta ficha será arquivada na xefatura de estudos e polo propio titor/a
- As familias ou alumnado maior de idade descargarase a aplicación AbalarMóbil.
- No caso de alumnado que non conte cunha conta de correo terá que creala coa axuda do titor/a.
- O alumnado contará con usuario e contrasinal para o acceso á aula virtual e coñecerá como acceder.
- O alumnado coñecerá a páxina web do centro.
- Para personalizar a teleformación ante unha posible formación semipresencial ou a distancia, coa axuda dalgún docente do grupo, o alumnado actualizará candanseu perfil da aula virtual cun correo electrónico que se compromete a empregar e cunha foto súa.
- Nun curso da aula virtual creado para cada titoría, coa axuda dalgún docente do grupo, o alumnado practicará coas ferramentas básicas dun curso online: descargar arquivos, acceder a enlaces, entrar nunha tarefa e subir un arquivo, e acceder a cuestionarios e proceder ao envío.
- No caso de dispor de dispositivo electrónico, está a app Moodle para poder acceder aos cursos da aula virtual dende o móbil ou tableta.
- No caso de dispor de libro de texto dixital nalgunha materia, coa axuda do docente da mesma, accederase ao libro dixital para coñecer como se opera.
- O alumnado recibirá información sobre a ferramenta de videoconferencia Cisco Webex; descarga, acceso, etc..
- O alumnado recibirá información sobre o comportamento e actitudes que se deben mostrar nas videoconferencias.
- Cada docente informará ao seu alumnado da metodoloxía e estratexias que se empregarán na materia/módulo no caso de confinamento individual, e de cara a que o alumnado que teña que illarse non perda o ritmo da actividade académica presencial que leva o resto do grupo.

## 5. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

- O equipo docente é unha parte fundamental para a volta segura as aulas, os docentes serán o modelo de xestión emocional e os encargados de transmitir ao alumnado as normas e protocolos que deben respectar, cuidando o seu correcto cumprimento para manter a seguridade.
- Desde as materias e módulos traballarase sobre valores liderados pola responsabilidade individual, a saúde, a solidariedade e o restablecemento dos vínculos afectivos.
- Hai que facer ver ao alumnado a importancia das medidas de prevención para controlar a pandemia, a autoavaliación clínica diaria e respectar as novas normas e protocolos cos que convivimos desde fai uns meses.
- Hai que traballar a empatía e poñerse do lado dos que máis lles afecta este virus, protexer aos maiores e vulnerables.
- Desde a titoría de cada grupo pode traballarse o control de diferentes emocións que poden xurdir estes tempos: medo, pánico, impotencia, sufrimento pola familia (en moitos casos no noso alumnado, familia que está lonxe), inseguridade, ansiedade, incerteza, preocupación pola situación laboral das familias, incluso duelo pola perda dalgún familiar. Buscaranse lecturas, documentais, e moito diálogo entro o grupo para soportar estas circunstancias tan íntimas e que todos estamos a sufrir.
- Será tamén importante resaltar a importancia de traballar o tratamento que deben recibir as persoas contagiadas. Sen ser discriminadas ou estigmatizadas por esta cuestión. Polo que o rexeitamento non é unha opción válida e si o é a empatía e a comprensión.



<b>A DIRECTORA</b>	
SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ	
<b>Data</b>	<b>21/09/2020</b>